




Programa de
actividades educativas
2024-2025



Servizo Municipal de Ensino e Xuventude

Servizo de Normalización Lingüística

Servizo Municipal de Deportes

Museo Os Oleiros – José M^a Kaydeda

Sistema de Bibliotecas Municipais

Todas as actividades deste libro están organizadas e financiadas integramente polo Concello de Oleiros, agás no caso da actividade Aprendemos na natureza do Servizo Municipal de Educación na que as familias aboan unha pequena parte do custo en concepto de manutención e pernocta.

Naquelas comunicacións e publicacións nas que os centros de ensino e ANPA informen da realización destas actividades, deberán indicarse que están financiadas e organizadas polo Concello de Oleiros.

Carta do alcalde



O noso compromiso co ensino público segue a ser un dos eixos fundamentais da nosa acción política. Queremos unha cidadanía libre, crítica e con criterio para que o mundo sexa cada vez mellor.

Aínda que as competencias en educación corresponden á Xunta de Galicia, todas e todos compartimos o compromiso de remar na mesma dirección e apoiar en todo o que se poida ao ensino público, sempre en colaboración con toda a comunidade educativa: centros, profesorado e ANPAs.

O amplo abano de actividades que ofrecemos reflicte o espírito que perseguimos: achegar a mozas e mozos un conxunto de posibilidades de acción que incorporan ao ensino temas de moito valor tanto humano como pedagóxico.

Coñecer mellor a contorna na que vivimos, favorecer o uso da lingua galega, mellorar os valores culturais do ensino, deportes, arte, natureza, o futuro do planeta ou os valores máis contemporáneos da convivencia forman parte desta oferta pedagóxica.

Queremos que os centros educativos de Oleiros teñan o nivel educativo máis alto, consolidando a súa reputación como espazos de interacción, convivencia, cultura e aprendizaxe máis alá dos requisitos que impón a educación puramente formal e reglada.

Ese é o noso orgullo para os centros de ensino de Oleiros: que as nenas e nenos, os mozos e mozas, reciban o mellor tal como merecen.

Ángel García Seoane
Alcalde de Oleiros

CONCELLERÍA DE CULTURA, NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA, ENSINO E XUVENTUDE

Concelleira: María José Santos Zas

Sistema de Bibliotecas Públicas Municipais

M^a Luz Corral Uzal

Tel.: 981 639 511

m.corral@oleiros.org

Museo Os Oleiros – José M^a Kaydeda

Ana Belén Justo Rajó

Tel.: 981 626 692

museos@oleiros.org

Servizo de Normalización Lingüística

Lucía Filloy López

Tel.: 981 610 000 - ext.: 4905

lingua@oleiros.org

Servizo Municipal de Educación e Xuventude

Anxo Barreiros de la Torre

Tel.: 981 610 000 - ext.: 4921

Jerónimo Díez Domínguez

Tel.: 981 610 000 – ext.: 4922

ensino@oleiros.org; c.xuventude@oleiros.org

CONCELLERÍA DE DEPORTES

Concelleira: Teresa Vázquez Maseda

Servizo Municipal de Deportes

Lois Hernández Alvedro

Tel.: 981 610 000 – ext.: 4906

Adolfo Monteagudo Leal

Tel.: 981 610 000 ext.: 4908

deportes@oleiros.org



**Concello de
Oleiros**

www.oleiros.org

Limiar

1. Programas de actividades complementarias

1.1. Educación en valores

- 1.1.1. Programa de educación para a saúde e a prevención das adiccións. PROMESA
- 1.1.2. Programa de mediación. Obradoiro de mediación para profesorado e alumnado dos centros escolares
- 1.1.3. Programa de alimentación saudable
- 1.1.4. Programa de educación para a igualdade de xénero e a educación afectivo-sexual

1.2. Educación ambiental

- 1.2.1. XXX Aprendemos na Natureza
- 1.2.2. Coñecer Oleiros / Contorna Oleiros
- 1.2.3. Un día en Galicia
- 1.2.4. Hortas escolares

1.3. Educación artística

- 1.3.1. Mostras pedagóxicas da Escola Municipal de Música e do Centro Municipal de Artes Escénicas

1.4. Educación viaria para a sostibilidade

2. Programa de reforzo e apoio escolar municipal: PRAEMO

3. Programación para as familias

4. Cadro resumo de programas e participantes



1. PROGRAMAS DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

1.1. Educación en valores

Tal e como aparece expresado nas anteriores leis orgánicas de Educación, é imprescindible tomar conciencia da necesidade de complementar o currículo con outro tipo de aprendizaxes vitais para conseguir que os nenos e nenas cheguen a ser cidadáns e cidadás de pleno dereito e conscientes.

Estas ferramentas que temos que poñer á súa disposición, deberían axudalos a ser tolerantes cos diferentes, a facilitar a inclusión dos seus e as súas compañeiras, a naturalizar hábitos saudables, a resolver conflitos reflexivamente, a relacionarse en igualdade independentemente do seu xénero, e a tratar a natureza e a alerta climática como unha prioridade.

Pretendemos por iso animarvos a que cambiemos progresivamente de obradoiros puntuais en cada materia, á creación de equipos estables en cada un destes eidos. Estes dotarían de perspectiva, continuidade e estabilidade que pensamos imprescindible, para axudar mellor ao noso propósito de avanzar na normalización destas aprendizaxes.

Para isto, poremos á vosa disposición os equipos de asesoramento necesarios, e acompañaremos tecnicamente cos nosos medios para que se cree en cada centro unha **comisión estable de educación en valores** con competencias sobre educación para a saúde (alimentación saudable, educación afectivo-sexual, prevención de adiccións, consumo responsable...), educación viaria, equipo de mediación en conflitos e educación para a paz, igualdade de xénero e coeducación...

1.1.1. Programa de prevención de adiccións. PROMESA

A educación para a saúde debe ser entendida como un proceso orientado ao uso de estratexias efectivas para axudar as persoas a adoptar ou modificar condutas que melloren a súa saúde. Tendo en conta isto, desde o Concello de Oleiros apostamos por un traballo desde idades temperás, polo que a nosa proposta comeza coas aulas de 5º de primaria, xa que nestas idades comézanse a configurar distintos aspectos da vida dos nenos e nenas que farán que se incremente ou non a posibilidade de consumos e adiccións en anos vindeiros. O obxectivo do traballo en primaria é o de fomentar e fortalecer a autoestima do alumnado.

Seguindo as dinámicas iniciadas no pasado curso escolar co obxecto de adaptarnos ás necesidades reais de cada centro, do alumnado, o programa tratará novos contidos, novos temas, á vez que poñeremos a disposición de cada centro un programa de apoio e intervención, naqueles grupos que ao voso entender, fose necesario traballar dun xeito máis individual e persoal, co fin de acadar os obxectivos marcados para cada nivel educativo.

❑ Obxectivos xerais

- Promover un estilo de vida saudable entre a poboación.
- Evitar ou, cando menos, retardar a idade do primeiro uso de substancias con capacidade de adicción, tanto legais como ilegais, nos rapaces e rapazas de Oleiros.
- Impedir a escalada no uso destas substancias, reducindo a frecuencia dos consumos ou as cantidades consumidas.
- Formar a pais e nais, así como os/as docentes, no desenvolvemento de hábitos saudables para que poidan actuar preventivamente.

- Formar un equipo docente encargado de introducir algúns dos programas nos centros educativos.
- Informar e asesorar a comunidade en xeral, así como a colectivos específicos e as institucións sobre o fenómeno de consumo de drogas.



❑ Participantes

O alumnado de 5º e 6º de primaria, ESO, bacharelato e ciclos formativos e o profesorado dos centros educativos.

❑ Datas

Prevese que se comece a partir do mes de febreiro de 2025.

❑ Actividades

ACCIÓN	CURSO	CONTIDOS	DURACIÓN
CONSTRUÍNDO SAÚDE	5º EP	<p>Módulo I. Eu e as miñas diferenzas:</p> <ul style="list-style-type: none"> • As relacións persoais... • ... e a amizade • tempo libre-tempo ocupado <p>Módulo II. Emocións. Que decidimos? Como decidimos? O uso dos videoxogos: frecuencia, tempos, regulación de emocións</p>	4 sesións de 50´
NAVEGANDO NA CONVIVENCIA	6º EP	<p>Módulo I. Saúde</p> <ul style="list-style-type: none"> • Hábitos saudables: rapaces e rapazas <p>Módulo II. Convivencia:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Digo, dis, din! Dentro e fóra da rede de redes: falemos • Sentese algo? Que é? Que facemos? • Grupo de iguais: quen decide? Como decide? <p>Módulo III. Malos contos: drogas legais e “avatars” ocultos</p>	4 sesións de 50´



ACCIÓN	CURSO	CONTIDOS	DURACIÓN
DESTREZAS FRONTE ÁS ADICCIÓN	1º de ESO	Módulo I: Como me vexo? Como me ven?: relacións Módulo II. O bo rolo e o mal rolo: substancias e pantallas <ul style="list-style-type: none"> • Que din os datos? • Tips preventivos: saber falar e saber escoitar • Propostas 	4 sesións de 50´
A VIDA SECRETA DAS MIRADAS	2º de ESO	Módulo I: Unha mirada... unha palabra <ul style="list-style-type: none"> • As emocións das palabras Módulo II: As relacións cos outros e outras... “on-off line” <ul style="list-style-type: none"> • O grupo e eu: consumo de substancias, redes sociais, videoxogos 	4 sesións de 50´
MOZOS E MOZAS: FORMAS DE SELO	3º de ESO	<ul style="list-style-type: none"> • Proxección de 2 curtametraxes Módulo I: Un/unha mesmo/a e os/as outros/as <ul style="list-style-type: none"> • - Vexo-penso-pregúntome Módulo II: Que respondes?	2 curtas de 15´ cada unha + 3 sesións de 50´
E TI, QUE DECIDES?	4º de ESO	Módulo I: As relacións... <ul style="list-style-type: none"> • Coñecéndonos a nós mesmos/as e os/as outros/as • O novo hábitat emocional e a ansiedade <ul style="list-style-type: none"> a) Drogas-sexualidade b) Redes sociais: filtros e filtraxes Módulo II: Tips preventivos <ul style="list-style-type: none"> • Temos a información e agora, que? • Como digo “non”? 	4 sesións de 50´
“A GOTA QUE REBORDA O VASO”	Bacharelato /ciclos formativos	Módulo I: Realidade grupal e persoal <ul style="list-style-type: none"> • Relacións persoais. Necesitas “muletas”? • Condución, lecer e tempo libre, abes aburrirte? • A condución, tomas as túas propias decisións? • A noite, amizades-ligues-sexo? • Drogas: alcol, cannabis... Módulo II: Realidade comunitaria: que lles dirías?	2 sesións de 50´



1.1.2. Programa de mediación e convivencia escolar. A educación emocional. A participación infantil

Na sociedade actual, globalizada no económico e no cultural, altamente dixitalizada, saturada de estímulos e información e con ritmos vitais moi esixentes, son moitas as problemáticas que atravesan ás infancias e adolescencias: os retos da multiculturalidade, as dificultades na socialización e integración, as cuestións arredor da identidade de xénero e a orientación sexual, o rexeitamento dos estereotipos de xénero, o desenvolvemento de hábitos saudables -incluíndo a preocupación pola saúde mental e a relación sa coas pantallas e as redes sociais ou a relación coa comida e o propio corpo- e un longo etcétera. Ademais, a infancia e a xuventude recibe a miúdo as mensaxes dun discurso que nega a necesidade de atender as diversidades e a inexistencia das desigualdades estruturais.

Isto sitúa as escolas e centros educativos ante importantes desafíos, pero as converte tamén nun lugar privilexiado para a promoción de valores que redunden nunha convivencia enriquecedora e proporcionen ferramentas ás nenas, nenos e adolescentes coas que desenvolverse con éxito neste contexto, coa meta de formar unha cidadanía responsable e comprometida coa construción dun mundo máis xusto, inclusivo e equitativo.

Este programa busca promover a educación en valores coa implicación de toda a comunidade educativa, desde o persoal educativo, que xoga un papel esencial na detección de dificultades e acompañamento ao alumnado, ás familias, como axentes clave na transmisión de valores, e ao propio alumnado que ten a capacidade e o dereito de ser axente activo do seu proceso educativo e quen, ao fin e ao cabo, mellor pode identificar as súas demandas e necesidades.

Para tratar as situacións mencionadas supra, a **educación emocional e a abordaxe positiva dos conflitos** xogan un papel crucial. Entender e xestionar as propias emocións e desenvolver unha autoestima e autoconcepción saudables, supón un factor protector ante numerosas dificultades sociais e problemas de saúde mental, permite empatizar coas demais e desenvolver ferramentas para a comunicación asertiva, así como habilidades sociais fundamentais para a convivencia. A mediación educativa, pola súa banda, promove un ambiente escolar no que a comunicación aberta e a cooperación son a norma, favorecendo así o afrontamento das diferenzas desde unha perspectiva propositiva e a construción de relacións desde o bo trato.

Finalmente, a **participación infantil**, ademais de ser un dereito recoñecido pola Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia, é unha metodoloxía valiosa que fomenta a inclusión activa das nenas, nenos e adolescentes nos procesos de toma de decisións sobre as cuestións que lles afectan e contribúen a facer máis seus os espazos nos que pasan boa parte do teu tempo. Esta participación promove o empoderamento, axuda a desenvolver unha autoestima positiva e incentiva un sentido de responsabilidade e compromiso coa comunidade, mellorando as relacións no seo desta.

Entendemos estas circunstancias como profundamente conectadas entre si, e debe tratarse de forma global e interdisciplinar. É por iso que no programa de educación en valores entendemos a educación emocional e a mediación como os seus piares básicos e como punto de partida para explorar as problemáticas e necesidades que xurdan desde as propias aulas.



❑ Obxectivos

- Mellorar a convivencia escolar proporcionando ao alumnado ferramentas de xestión emocional e de transformación positiva do conflito que permitan camiñar cara ao bo trato nas relacións sociais que se crean nos centros educativos.
- Achegar formación e ferramentas centradas nas necesidades concretas de cada aula e de cada centro, deseñando intervencións a partir das problemáticas concretas detectadas polo alumnado e polo profesorado.
- Fomentar a participación do alumnado a través de equipos específicos creados a partir dos seus intereses, permitindo así a implicación da infancia e da adolescencia na vida do centro e, en consecuencia, gañando as persoas participantes en responsabilidade e motivación e dando espazo á súa capacidade para achegar perspectivas novas e rompedoras que contribúan á transformación social.
- Acompañar os procesos vitais do alumnado, proporcionándolle recursos e apoios, así como contribuir a soste-lo os equipos educativos nos centros.
- Promover espazos de encontro tanto entre o alumnado coma entre profesorado nos que compartir boas prácticas, xerar intelixencia colectiva e celebrar o esforzo e os éxitos acadados.
- Traballar en valores educativos transversais a unha sociedade democrática a través de metodoloxías activas, participativas e lúdicas e unha linguaxe adaptada ás nenas, nenos e adolescencias.
- Promover enfoques educativos participativos, non punitivistas e integradores das diversidades, que poidan contribuir a sementar procesos de cambio cultural nos centros educativos.

❑ Participantes

Tendo en conta o anterior, os/as participantes fundamentais do Programa de mediación e convivencia serán:

- Aulas de 5º e 6º de educación infantil e de toda a educación primaria.
- Aulas da educación secundaria obrigatoria, bacharelato e ciclos formativos.
- As familias do alumnado.
- Profesorado dos CEIP e IES de Oleiros.
- Persoal non docente dos centros escolares.

❑ Duración

• **Formación e acompañamento do alumnado dos grupos/aula:**

- Formación básica: 3h/aula nunha sesión.
- Formación avanzada: 4h/aula nunha sesión.
- Convivencia fin de semana: 20h/aula.

• **Facilitación e seguimento de equipos do alumnado nos centros:**

- a.) Creación e formación de equipos:
 - Equipos de mediación e convivencia escolar: 12h /grupo durante o curso escolar.
 - Asembleas temáticas: 8h/grupo.
 - Asembleas de centro: 8h/grupo.
 - Equipos benestar: 6h/grupo.
- b.) Encontros intercentros: 1 xornada

- **Formación para profesorado**

- Formación básica: 3h/grupo nunha sesión.
- Formación avanzada: 3h/grupo nunha sesión.
- Formación para a facilitación e acompañamento de alumnado: 2h/grupo.
- Encontro intercentros: 1 xornada.

- **Formación básica persoal non docente:** 2h/grupo.

- **Formación familias:** 1,5 h/ grupo.

❑ **Datas**

Prevese que se comece a **partir do mes de febreiro de 2025**



1.1.3 Programa de alimentación saudable

A vida sedentaria, así como a mala alimentación son dous dos problemas da sociedade actual e sobre todo dos rapaces e rapazas. **Comida e saúde** é un programa a través do cal buscamos promover hábitos de vida saudable a nivel físico e emocional. Sentando así as bases do benestar do alumnado, baseándonos nas súas necesidades reais por riba de presións sociais, mediáticas e de mercado.

❑ **Obxectivos xerais**

- Promover valores, actitudes e hábitos que incidan nun modo de vida saudable e equilibrado tanto a nivel físico como emocional.
- Reflexionar sobre algúns hábitos de vida que poidan indicar un trastorno alimentario.
- Manter unha actitude crítica ante os estilos de vida como elementos condicionantes da saúde e determinados por factores culturais e sociais, vinculados ao consumo de alimentos de orixe industrial e precociñados.
- Recoñecer os beneficios da actividade deportiva, en canto aos tres niveis da saúde: mental, físico e social.

❑ **Participantes**

O alumnado de 5º e 6º de primaria e máis o de 1º e 2º de ESO.



☐ Actividades

ACCIÓN	CURSO	CONTIDOS	DURACIÓN
VIDA SAUDABLE	5º de primaria e 1º de ESO	<ul style="list-style-type: none"> • Concepto de “vida saudable” • Concepto de “alimentación e nutrición” • Alimentos e nutrientes: tipos de nutrientes e as súas funcións • Os alimentos, tipos e clasificación • A rolda dos alimentos • Necesidades enerxéticas: a dieta equilibrada • Mitos e fraudes sobre a alimentación. Os canons de beleza e o modelo imposto • Os trastornos alimenticios 	3 sesións de 50’
ALIMENTACIÓN E DEPORTE	6º de primaria e 2º de ESO	<ul style="list-style-type: none"> • Mitos sobre alimentación, mitos sobre actividade física • Dieta equilibrada: alimentación, nutrición, pirámide NAOS • Actividade física: deporte, sedentarismo, calidade de vida • Hábitos saudables • Hixiene postural • Hábitos de alimentación • Análises da actividade física, alimentación e descanso 	3 sesións de 50’



1.1.4 Programa de educación para a igualdade de xénero e a educación afectivo-sexual

◆ Educación afectivo-sexual: (Nós) Queremos (Nos)

A educación afectivo-sexual debe ser permanente e habitual polo que seguimos apostando por un programa necesario e fundamental no crecemento das persoas. Tendo presente esta idea, poñemos en marcha unha serie de accións que nos levan a ofertar o programa para o alumnado desde 5º e 6º de primaria.

O obxectivo fundamental do programa de educación afectivo-sexual é participar na construción dunha sociedade que axude a vivir a sexualidade dun xeito san e posibilitar a expresión libre das sexualidades individuais, dun xeito máis respectuoso e tolerante, así como máis igualitario entre as persoas.

□ Obxectivos xerais

- Asumir actitudes naturais ante a sexualidade, entendéndoa como forma de comunicación humana, como fonte de saúde, pracer, afectividades...

- Analizar mitos e crenzas erróneas sobre a sexualidade.
- Ampliar e diversificar o concepto de “sexualidade” do alumnado, para poder entendela dun xeito global e como un aspecto inherente á persoa.
- Desenvolver a autoestima, asumindo unha identidade libre de elementos discriminatorios de xénero e adquirindo as habilidades necesarias que lles permitan vivir a súa propia vida sexual de forma sa e responsable.
- Favorecer que o alumnado poida adoptar actitudes de igualdade, respecto e responsabilidade nas súas relacións.

□ Participantes

O alumnado de 5º e 6º de primaria, de ESO, bacharelato e ciclos formativos.

□ Datos

Prevese que se comece a partir do mes de febreiro de 2025.



☐ Actividades

ACCIÓN	CURSO	SESIÓNS - OBXECTIVOS	DURACIÓN
IMAXE CORPORAL E SEXUALIDADE	5º e 6º de primaria	<ul style="list-style-type: none"> • Sentimentos e emocións. Autoconecemento. Autovaloración. Autoestima • A empatía e o respecto. Relacións. Conflito. Negociación. Asertividade. Estilos de comunicación • Corpos, diversidade e autoaceptación • Imaxe corporal e sexualidade • Deixando atrás a infancia! A puberdade como proceso de mudanzas. As novas responsabilidades • Diversidade sexual. Diversidade familiar • Bulling LGTBIQ+ 	3 sesións de 50'
	1º e 2º de ESO	<ul style="list-style-type: none"> • As sexualidades. Atracción e desexo. Mitos sobre as masculinidades e feminidades en atracción • O amor e o namoramento. A atracción sexual. A comunicación é a negociación nas relacións. Características das relacións na adolescencia • Actitudes en relación á violencia sexual • A presión do grupo e as relacións entre iguais. A construción do concepto de virxindade. Diferenzas entre mozos e mozas. Desmontando os mitos. A asertividade como habilidade comunicativa • A diversidade afectiva-sexual. Identidade de xénero vs orientación sexual. A saída do armario 	3 sesións de 50'



ACCIÓN	CURSO	SESIÓNS - OBXECTIVOS	DURACIÓN
SEXUALIDADE, SOCIEDADE E PREVENCIÓN	3º e 4º de ESO	<ul style="list-style-type: none"> • A noción de sexualidade. Conceptos e termos na adolescencia. O sistema da sexualidade, as súas dimensións e modelos • Pensa, sente e comparte. Corpo e pracer: desexo, excitación e orgasmo; consultorio sexolóxico • Arriscas ou gozas? Métodos de prevención; o A, B, C das enfermidades de transmisión sexual; sen risco • Presioning. Formas de dicir, “non”; presión de grupo e relacións entre mozas e mozos • Diversidade sexual. Identidade versus orientación sexual • O ciclo da excitación sexual. O coñecemento do noso corpo. O ciclo da excitación sexual. O orgasmo • Relacións sen risco. Prevención e vías de transmisión • A presión na parella e entre iguais. A asertividade e a liberdade de decidir. Estilos de comunicación na parella 	4 sesións de 50´
	1º e 2º de bacharelato	<ul style="list-style-type: none"> • Sexual (mente) • O desexo. A paixón. As emocións. A erótica • Riscos nas relacións. O consultorio • Empatizar. Ponte no seu lugar • A autoestima nas relacións afectivo- sexuais • Responsabilidade nas relacións • Os nosos dereitos sexuais e reprodutivos 	4 sesións de 50´
SEXUALIDADE: MITOS, TABÚS, RISCOS E PREVENCIÓN	1º e 2º de bacharelato	<ul style="list-style-type: none"> • Proporcionar información sexual, para evitar mitos e tabús que poidan favorecer a adopción de condutas de risco. Diminuír o risco de ETS e SIDA 	Charla de 50´



◆ Igualdade de xénero: + igualdade

O proceso de socialización ten lugar desde a infancia a través de diferentes axentes que modelan a nosa identidade. Neste proceso interiorízanse actitudes, roles e constrúense atribucións de xénero sobre as persoas. As diferenzas que se marcan sobre os dous sexos convértense a maioría das veces en desigualdade.

Esta iniciativa de intervención educativa en materia de igualdade ten como obxectivo principal formar criticamente o alumnado para medrar, desenvolverse e relacionarse plenamente sen prexuízos e estereotipos sexistas.

Tendo en conta isto, este programa está encamiñado ao alumnado de 5º e 6º de primaria, ESO e bacharelato, co que pretendemos afianzar dun xeito máis concreto os valores de igualdade e tolerancia que traballamos ao longo do curso escolar coa proposta de actividades complementarias.

□ Obxectivos xerais

- Fomentar que o alumnado reflexione, comprenda e asimile os coñecementos tratados no programa.
- Percibir e cuestionar o modelo masculino dominante e identificar as desigualdades entre as mulleres e os homes, tomando conciencia da discriminación sexista que aínda persiste na sociedade.
- Ofrecer ao alumnado un clima de relacións persoais no que favoreza o coñecemento de si mesmo e a súa autoestima. Para poder afirmarse fronte a outros e asumir formas particulares de sentir, pensar e de construír a súa propia identidade sexual e persoal, sen discriminación.
- Contextualizar e comprender a natureza do problema da violencia de xénero, como comeza e como evoluciona e o dano que produce a todas as persoas que conviven con ela sen facer nada por evitalo.

□ Participantes

Alumnado de 5º e 6º de primaria, de ESO, bacharelato e ciclos formativos.

□ Datás

Prevese que se comece a partir do mes de febreiro de 2025.



☐ **Actividades**

ACCIÓN	CURSO	CONTIDOS	DURACIÓN
IDENTIDADE DE XÉNERO. CORRESPONSABILIDADE NO FOGAR	5º de primaria	<ol style="list-style-type: none"> 1. Sexo e xénero. Roles e estereotipos de xénero tradicionais. Identidade de xénero. Novas masculinidades e feminidade non estereotipada 2. Roles e estereotipos que vemos na televisión en nas plataformas audiovisuais 3. A corresponsabilidade. Roles de xénero. O valor do traballo doméstico 	3 sesións de 50'
	6º de primaria	<ol style="list-style-type: none"> 1. Sexo e xénero. Estereotipos de xénero. Socialización no xénero. Os micromachismos 2. Os micromachismos nos mass media. Sexismo 3. A corresponsabilidade e novas masculinidades 	3 sesións de 50'
O PAPEL DOS MASS MEDIA. A PROMOCIÓN DAS RELACIÓNS IGUALITARIAS	1º de ESO	<ol style="list-style-type: none"> 1. Os mass media. Estereotipos e roles. A linguaxe que nos constrúe 2. Estereotipos de roles de xénero. Micromachismos. Novas masculinidades. Formas sutís de control. Relacións de parella tóxicas vs relacións de parella saudables 3. Estereotipos e roles de xénero. Redes sociais e plataformas dixitais. Sexismo 	3 sesións de 50'
	2º de ESO	<ol style="list-style-type: none"> 1. Desigualdade de xénero. Violencia de xénero. Tipos de violencia de xénero. Relacións afectivo-sexuais 2. Violencia de xénero. Ciberviolencia de xénero. Redes sociais. Actitudes controladoras. Relacións tóxicas vs relacións saudables. Sexting 3. Violencia de xénero. O ciclo da violencia. Ciberviolencia. Relacións tóxicas vs relacións saudables 	3 sesións de 50'
O AMOR, A COMUNICACIÓN DE PARELLA E A RESOLUCIÓN PACÍFICA DOS CONFLITOS	3º e 4º de ESO	<ol style="list-style-type: none"> 1. O amor. Desmitificación de ideas do amor romántico. O control no uso das redes sociais e a sobreexposición das relacións afectivas a través das redes 2. Mitos do amor romántico 3. Resolución de conflitos. Comunicación e negociación. Estratexias e ferramentas de resolución de conflitos. Estilos comunicativos 	3 sesións de 50'



ACCIÓN	CURSO	CONTIDOS	DURACIÓN
DESMONTANDO A VIOLENCIA DE XÉNERO	1º de bacharelato	<ol style="list-style-type: none"> 1. Violencia de xénero. Relacións afectivo sexuais. Mitos ao redor da violencia de xénero 2. Violencia psicolóxica. Relacións tóxicas vs relacións saudables. Os cambios na personalidade da vítima e a perda de identidade 3. Violencia sexual. Os micromachismos 	3 sesións de 50'
	2º de bacharelato	<ol style="list-style-type: none"> 1. A violencia de xénero como proceso. Relacións afectivo-sexuais. Os celos e o amor 2. Identificación das primeiras manifestacións da violencia de xénero entre parellas novas. Os mecanismos sutís da violencia de xénero 3. Distintos modelos de parella. O ideal romántico. Conflitos nas relacións afectivo-sexuais. Ferramentas e estratexias de resolución de conflitos 	3 sesións de 50'

1.2 Educación ambiental

1.2.1 XXX Aprendemos na natureza

A mellor aula de aprendizaxe é o propio medio natural onde desenvolvemos as nosas vidas. Cumprimos e celebramos con todos e todas vós estes vinte e sete anos de experiencias únicas, de aprendizaxes vivas desde o medio natural e cultural cos centros de ensino públicos de Oleiros. Desde o inicio do programa ata hoxe xa foron moitos os destinos elixidos e o alumnado participante cos seus respectivos mestres e mestras a zonas do país cun alto interese natural, histórico, artístico, xeográfico, económico ou etnográfico.

Como novidade neste trixésimo aniversario, e atendendo a algunha inxerencia do profesorado para facilitar este tipo de actividade de convivencia, propoñemos dada a posibilidade de contar cun novo albergue

municipal, de darlle a oportunidade a que nenos e nenas dalgún dos dous primeiros ciclos de primaria, para que poidan experimentar a emoción da noite en grupo, de convivir coas compañeiras de xeito que favoreza experiencias posteriores en lugares máis afastados.

Obxectivos xerais

- Descubrir as características máis definidoras a nivel natural, social e cultural de cada lugar.
- Promover a convivencia e a socialización do grupo nun ambiente aberto.
- Abrir e posibilitar ao profesorado novos xeitos de ensinar en contacto directo co medio natural.
- Fomentar a autonomía e o desenvolvemento persoal dos nenos e nenas, fóra do ámbito familiar e escolar.

❑ Actividades

As peculiaridades de cada zona fan moi recomendable a realización de rutas para o gozo e estudo da contorna.

Realizaranse xogos de simulación e descuberta ambiental para a mellor comprensión das características de cada zona.

Obradoiros de natureza, visitas de interese e dinámicas de grupo.

❑ Participantes

Alumnado de educación primaria, ESO, bacharelato e ciclos formativos dos centros de ensino públicos de Oleiros.

Profesorado dos niveis participantes.

❑ Educadores/as ambientais

Ademais do profesorado que a normativa obriga, as excursións estarán guiadas por educadores e educadoras profesionais, con ampla experiencia.

❑ Solicitude de excursión

Como norma xeral, **cada centro poderá escoller unha excursión como máximo** a calquera dos destinos seguintes:

EXCURSIÓN	CURSO	CENTROS DE INTERESE	DURACIÓN RECOMENDADA
FRAGAS DO EUME (30 PRAZAS/1 AULA) *incluído o profesorado	De 1º a 6º de primaria	Sendeirismo polas Fragas do Eume, obradoiros de enerxías renovables e transformación dos alimentos, xogos, visita cultural á vila de Pontedeume	Dous ou tres días, en tempo lectivo
SERRA DO COUREL (30 PRAZAS/1 AULA) *incluído o profesorado	Para 5º e 6º de primaria, e de 1º a 4º de ESO	Sendeirismo por esta marabillosa montaña luguesa, o xeoparque e a biodiversidade dos bosques, as letras de Novoneyra	Tres días en tempo lectivo
ENSEADA DA INSUA (30 PRAZAS/1 AULA)	Educación primaria 1º e 2º de ESO	- Dolmen de Dombate - Castro de Borneiro - Ruta dos muíños do Roncadoiro - Observación de aves na Enseada da Insua - Laxe: pesca da balea e porto pesqueiro. Naufraxios - Isidro Parga Pondal e o observatorio xeolóxico de Laxe - Cruceiros viradoiros - Capela a área de recreo do Briño - Carpintería de ribeira - Museo Etnolóxico de Galicia (MELGA)	Dous ou tres días en tempo lectivo



EXCURSIÓN	CURSO	CENTROS DE INTERESE	DURACIÓN RECOMENDADA
TERRAS DE LOBOS DE SOBRADO (25 PRAZAS/1 AULA)	Educación primaria	- Lagoa de Sobrado - Mosteiro de Sobrado - Camiño de Santiago Norte: patrimonio da humanidade - Serra da Cova da Serpe - Pena e forno dos Mouros - Ponte da Pedra - Fraga da Casa do Gado: o bosque animado - Árbores senlleiras: carballo de Portacal e freixos da Casa do Gado - Xacemento arqueolóxico romano da Cidadela	Dous ou tres días, en tempo lectivo
FINCA TENREIRO (25 PRAZAS/1 AULA)	De 1º a 4º de primaria	- Convivindo na natureza - Árbores e plantas do xardín da Finca: os teixos. - Historia da Finca Tenreiro - Estrelas do ceo de Oleiros - Xogos na natureza - Finca da Carballeira - Encoro de Cecebre	Dous días en tempo lectivo

Información complementaria:

Excursións recomendadas para o alumnado de educación primaria:

☒ Finca Tenreiro Oleiros

- **Aloxamento:** Albergue Esperanza Tenreiro, Nós-Oleiros
- Rutas polo Concello de Oleiros: Monumento Natural Dexo Serantes, Finca Carballeira, patrimonio cultural da finca: Modernismo, indianos. Riqueza natural da Finca Tenreiro, observación das estrelas e moito máis.
- **Datas:** a determinar coas aulas participantes
- **Duración recomendada:** **dous días e unha noite**, en tempo lectivo
- **Prazas:** **25**, incluído o profesorado acompañante

☒ Fragas do Eume

- **Aloxamento:** Albergue de Alvarella, en Vilarmajor (Pontedeume), A Coruña
- Actividades de turismo cultural, obradoiros ambientais, horto ecolóxico, sendeirismo polas Fragas do Eume, enerxías renovables, e a estancia nun albergue de xestión sostible
- **Datas:** a determinar coas aulas participantes
- **Duración recomendada:** **dous días cunha noite**, en tempo lectivo (posibilidade de tres días)
- **Prazas:** **30**, incluído o profesorado acompañante



Excursións recomendadas para 5º e 6º de educación primaria e secundaria

☒ Serra do Courel

- **Aloxamento:** Bungalows no acampamento O Courel, en Folgoso do Courel, Lugo
- Visitas ao Cebreiro, ruta pola Devesa da Rogueira, camiñando polas montañas, atopando as aldeas da Seara, Seceda e Froxán, a ferverza de Vieiros e moito máis por descubrir
- **Datas:** a concretar cos colexios participantes
- **Duración recomendada:** tres días con dúas noites, en tempo lectivo
- **Prazas:** 30, incluído o profesorado acompañante

☒ Enseada da Insua

- **Aloxamento:** Albergue Alalá
- Rutas polo patrimonio cultural da zona, os castros e as pegadas dos nosos devanceiros, itinerarios ambientais pola Costa dos naufraxios. As vilas mariñeiras : Laxe. Os naufraxios e a riqueza costeira e moito máis.
- **Datas:** a determinar coas aulas participantes
- **Duración recomendada:** tres días con dúas noites, en tempo lectivo
- **Prazas:** 30, incluído o profesorado acompañante

☒ Terra de Lobos de Sobrado

- **Aloxamento:** Albergue Abeiro da Loba
- Rutas polo patrimonio cultural da zona, o camiño de Santiago, itinerarios ambientais pola lagoa de Sobrado, e a serra da Cova da Serpe. Pepa a loba, lenda ou realidade? E moito máis.
- **Datas:** a determinar coas aulas participantes
- **Duración recomendada:** dous ou tres días con unha/dúas noites, en tempo lectivo
- **Prazas:** 25, incluído o profesorado acompañante

1.2.2 Coñecer Oleiros / Contorna Oleiros

Do máis próximo ao máis afastado. Así naceu e se reproduciu durante máis de trinta anos este programa de educación ambiental que tan bos resultados pedagóxicos e vivenciais está a dar. Imos cultivando e adaptando cada ano as rutas e as actividades para facelas o máis atractivas e educativas posible, sempre contando coa colaboración e suxestións do profesorado, do alumnado e dos/as educadores/as.

☐ Obxectivos

- Promover a convivencia e a socialización do grupo fóra do ámbito da escola.
- Abrir e posibilitar ao profesorado novos xeitos de ensinar en contacto directo co noso medio local e comarcal.
- Coñecer de preto a nosa contorna, dun xeito ameno.



❑ Participantes

Alumnado da educación infantil, primaria e secundaria dos centros públicos de Oleiros.

❑ Educadores/as ambientais

Ademais do profesorado que a normativa vixente obriga, as saídas estarán guiadas por educadores e educadoras profesionais.

❑ Datas

En horario lectivo, durante o curso escolar, a concertar coas aulas solicitantes.

❑ Solicitude da excursión

Como norma xeral, **cada aula poderá escoller unha única saída** a calquera dos destinos abaixo sinalados.

EXCURSIÓN	CURSO	CENTROS DE INTERESE	DURACIÓN RECOMENDADA
1. SANTA CRISTINA E A RÍA	Infantil e 1º e 2º de primaria	Dique de Sta. Cristina - mural Correa Corredoira – paseo marítimo – piñeiral – dunas – ría – parque José Martí	9:00 a 14:00 h
2. O CASTELO E A ILLA DE SANTA CRUZ	5º e 6º de infantil e 1º e 2º de primaria	Parque Luís Seoane – paseo da Pardela – castelo – paseo marítimo – praia – rúa de Chesco	9:00 a 14:00 h
3. A LAGOA DE MERA E A SÚA CONTORNA	Infantil e 1º e 2º de primaria	Praia do Portelo – capela de Sta. Ana e miradoiro – lagoa – praias de Portelo, Mera e Espiñeiro – paseo de Penatouro	9:00 a 14:00 h
4. O BOSQUE DA VECIÑANZA DE BASTIAGUEIRO	Infantil e 1º e 2º de primaria	Souto de Vista Alegre – Lóngora – carril bici – paseo marítimo – contorna da igrexa de Liáns e Pazo de Lóngora	9:00 a 14:00 h
5. A FINCA DA CARBALLEIRA	Infantil e de 1º a 4º de primaria	Finca da Carballeira e contorno – Pazo da Carballeira – o pombal – o viveiro municipal: árbores e plantas- capela de S. Marcos	9:00 a 14:00 h
6. DO DOCE AO SALGADO	3º e 4º de primaria	Souto de Vista Alegre, o río, praia de Bastiagueiro: intermareal, parque de Nirvana: paisaxe costeira	9:00 a 14:00 h



EXCURSIÓN	CURSO	CENTROS DE INTERESE	DURACIÓN RECOMENDADA
7. A COSTA DE SANTA CRUZ	3º a 6º de primaria	Parque das Torres e o ombú senlleiro, paseo da Pardela, Parque Rosalía Mera, As Galeras e As Trece Rosas, a paisaxe da ría, Bastiagueiro Pequeno	9:00 a 14:00 h
8. O MONUMENTO NATURAL DA COSTA DE DEXO	3º a 6º de primaria, ESO e bacharelato	Punta de Seixo Branco, Aula do Mar, A Marola, Porto de Dexo, igrexa románica, as furnas, as aves, Monumento Natural	9:00 a 14:00 h
COÑECER A CONTORNA DE OLEIROS			
9. Á BEIRA DO MERO	5º e 6º de primaria, ESO e bacharelato	Igrexa románica – museo romano – paseo fluvial – muíños – Casa de Wenceslao Fernández Flórez	9:00 a 14:00 h
10. OLEIROS DESDE A CORUÑA	5º e 6º de primaria, ESO e bacharelato	Castelo de S. Antón – Santo Amaro e Durmideiras – parque das esculturas de Punta Herminia – Torre de Hércules	9:00 a 14:00 h
11. RÍA DO BURGO *RUTA ACCESIBLE	5º e 6º de primaria, ESO e bacharelato	Aves migratorias, ponte do Burgo, xardín botánico, muíño de Acea da Ma, flora e fauna da ría, contaminación	9:00 a 14:00 h
12. PAZO DE MARIÑÁN E A RÍA DE BETANZOS	5º e 6º de primaria, ESO e bacharelato	Praia e ponte do Pedrido – Pazo de Mariñán – Observatorio de aves da ría de Betanzos	9:00 a 14:00 h
13. BARRAÑÁN E A FRAGA DE SISALDE	5º e 6º de primaria, ESO e bacharelato	Fraga de Sisalde – Monte das Cartas – Muíño dos Zapata – igrexario de Barrañán – praia de Barrañán	9:00 a 14:00 h
14. CECEBRE	5º e 6º de primaria, ESO e bacharelato	Aula da natureza de Crendes – encoro – observatorio de aves – Espazo Natural Protexido – Casa de Wenceslao Fernández Flórez – literatura e natureza	9:00 a 14:00 h



EXCURSIÓN	CURSO	CENTROS DE INTERESE	DURACIÓN RECOMENDADA
15. MONTE XALO	5º e 6º de primaria, ESO e bacharelato	Monte Xalo – sendas e rutas de sendeirismo – muíños de auga – aldea de Celas – torre de Celas	9:00 a 14:00 h ou de 9:00 a 17:00 h para secundaria
16. SADA E PAZO DE MEIRÁS	5º e 6º de primaria, ESO e bacharelato	Sargadelos – Maside – as brañas de Sada – memoria histórica – Emilia Pardo Bazán – Lloréns e o impresionismo – Costa Doce	9:00 a 14:00 h

Información complementaria. Fichas das rutas:

☒ 1. Sta. Cristina e a ría

- **Itinerario e dificultade:** dique de Sta. Cristina – mural Correo Corredoira – paseo marítimo – piñeiral – dunas – ría – parque José Martí
- Dificultade baixa
- **Temas a desenvolver:** Baía e illa de Sta. Cristina – Mural – A praia, as dunas, a vexetación, a ría e as súa riqueza – A pesca e o marisqueo – O parque – As mareas
- **Actividades:** itinerario guiado de interpretación ambiental, xogos de animación, xogos de interpretación, observación de fauna e flora
- **Equipamentos:** parque municipal con lavabos, centro cultural A Fábrica e recursos a cuberto
- **Materiais didácticos:** pequeno disporama e guías varias

☒ 2. O castelo e a illa

- **Itinerario e dificultade:** parque Luís Seoane - paseo da Pardela – castelo – paseo marítimo – praia – rúa de Chesco – centro cívico
- Dificultade baixa
- **Temas a desenvolver:** O parque e as súas árbores – Aves acuáticas e mariñas – A praia e o porto – O castelo de Santa Cruz e os seus xardíns e contorno
- **Actividades:** itinerario guiado de interpretación ambiental, xogos de animación, xogos de interpretación, observación de fauna e flora
- **Equipamentos:** parque municipal, recursos cubertos con lavabos
- **Materiais didácticos:** pequeno disporama e guías varias

☒ 3. A lagoa de Mera e a súa contorna

- **Itinerario e dificultade:** praia do Portelo – capela de Sta. Ana e miradoiro – lagoa e praia de Mera – paseo de Penatouro – praia de Espiñeiro
- Dificultade baixa

- **Temas a desenvolver:** Aves da lagoa – Plantas acuáticas – Árbores do parque – A vida na area e nos cantís – A telleira – As mareas e a costa – Os barcos de pesca e de mercadorías – Os novos paseos e o lixo que cuspe o mar
- **Actividades:** itinerario guiado de interpretación ambiental, xogos de animación, xogos de interpretación, murais con elementos naturais, ecovixías da praia
- **Equipamentos:** centro cultural
- **Materiais didácticos** guías de campo, prismáticos e telescopio, fichas didácticas, material de xogos na natureza e contos

☒ 4. O Bosque da Veciñanza, Bastiagueiro

- **Itinerario e dificultade:** souto de Vista Alegre – Lóngora – carril bici – paseo marítimo
- Dificultade baixa
- **Temas a desenvolver:** O bosque autóctono, conservación e tradicións... – A dinámica dos bosques – Río e vexetación de ribeira – O carril bici – Praia: os usos da praia, aves, vexetación, contaminación e estudo intermareal
- **Actividades:** itinerario guiado de interpretación ambiental, xogos de animación, conto de investigación, xogos de interpretación, observación de flora e fauna, calco de follas
- **Equipamentos:** senda peonil
- **Materiais didácticos:** guías de campo, prismáticos e telescopio, fichas didácticas, material de xogos na natureza e botes de observación

☒ 5. A Finca da Carballeira

- **Itinerario e dificultade:** Pazo da Carballeira – viveiro forestal municipal
- Dificultade baixa
- **Temas a desenvolver:** Os bosques e a súa fauna, flora, formación, contaminación e usos – Ornamentación vexetal: plantas, arbustos, árbores – Finca da Carballeira: historia, instalacións, e usos – Juana de Vega: unha muller liberal
- **Actividades:** itinerario guiado de interpretación ambiental, observación de especies vexetais, plantación e sementeira
- **Equipamentos:** recursos culturais a cuberto con lavabos
- **Materiais didácticos:** proxección, fichas de actividades, folleto informativo, guías de campo, prismáticos e material de xardinería

☒ 6. Do doce ao salgado

- **Itinerario e dificultade:** rotonda de Bastiagueiro – paseo marítimo – Casa da Silva – rúa Mioporos – carril bici – rúa O Polvorín – paseo marítimo – dunas e ría – parque José Martí
- Dificultade baixa
- **Temas a desenvolver:** A praia: aves, vexetación, contaminación, intermareal, e usos – Río e vexetación de ribeira – Contorno da Finca da Silva – O carril bici – O mural – As dunas – A ría: aves, vexetación, fauna, contaminación, salubridade, recursos
